

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2022/09	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de marzo de 2022
Duración	Dende as 13:05 ata as 13:26 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	María Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 17.03.2022****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 17

de marzo de 2022.

Expediente 174/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais - Solicitud de axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da Traballadora Social de data 18 de marzo de 2022, a interesada D^a G.A. reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro._

Conceder a D^a G. A. a axuda de emerxencia social na tipoloxía que se detalla:

· Lentes Graduadaspresupostototal 98,00€

Segundo .- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 174/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais - Solicitud de axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

VESTIARIO BÁSICO PARA INGRESO EN RESIDENCIA DE MAIORES

Visto o informe da traballadora social de data 15 de marzo de 2022 M^a Celia González Peteiro, o interesado D^o M.R.B., reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro._ Conceder a D^o M.R.B. a axuda de emerxencia social na tipoloxía que se detalla.

- Prendas de lencería varias.....185,82 €
- 2 pares de zapatillas..... 50 €

Segundo .- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 478/2021. Licenza urbanística para rehabilitación parcial dunha vivenda unifamiliar. SOLO RÚSTICO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 478/2021

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 24 de marzo de 2022.

Expediente 478/2021. Licenza urbanística para rehabilitación parcial dunha vivenda unifamiliar. SOLO RÚSTICO

LEXISLACIÓN APLICABLE:

RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Por José Manuel Ferradas Núñez, con DNIXXXXXXX, presentouse escrito o día 15/03/2021, polo que se solicita licenza urbanística para REHABILITACIÓN PARCIAL DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE sita no Lugar de Santa Cristina número 6, Parroquia de San Miguel de Lamela, (referencia catastral 36052D508108630000XJ). O escrito de solicitude consta asinado coa expresión P.0.

Aporta proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto Martín Pereiras Corzón, visado o día 12/03/2021 con número 2101362.3.

2º.- En data 24/06/2021 a arquitecta municipal María José García Fidalgo, emite informe desfavorable por necesidade de emenda da solicitude. Este requirimento foi remitido ao interesado o día 24/06/2021 (RS 746).

3º.- En data 22/07/2021 (RE 3037), o interesado actuando por medio de representante descoñecido que se limita a asinar coa expresión P.O, presenta escrito no que indica que aporta a documentación requirida, acompañado de proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto Martín Pereiras Corzón, visado o día 22/07/2021 con número 2101362,4.

4º.- En data 09/09/2021 (RE 3628), o interesado actuando por medio de representante descoñecido que se limita a asinar coa expresión P.O, presenta escrito no que indica que aporta documentación requirida polo Concello vía telefónica, acompañado da seguinte documentación:

- Plano Urbanismo.
- Memoria urbanística.
- Autorización Infraestruturas Agrarias.
- Oficio dirección de obra.
- Oficio dirección execución de obra.
- Consulta descritiva e gráfica.

5º.- Consta informe do técnico municipal Lino Manuel Doporto Framil, de data 24/09/2021, no que se indica que a documentación segue estando incorrecta e incompleta. Requiríndolle ao interesado a súa emenda, en data 24/09/2021. Explicitándose que a documentación será presentada visada e por técnico competente.

6º.- En data 29/09/2021 (RE 3875), o interesado actuando por medio de representante descoñecido que se limita a asinar coa expresión P.O, presenta escrito no que indica que aporta a documentación requirida, acompañado da seguinte documentación:

- Proxecto de execución
- Autorización de Infraestruturas Agrarias.
- Oficio de Dirección de obra.
- Consulta descritiva e gráfica.

7º.- Consta informe do técnico municipal Lino Manuel Doporto Framil, de data 15/10/2021, no que se indica que a documentación segue estando incorrecta e incompleta. Requiríndolle ao interesado a súa emenda, en data 18/10/2021. **Neste requirimento precísase que falta a acreditación da representación, así como as autorizacións de Augas de Galicia, para o abastecemento e o saneamento.**

8º.- Consta no expediente autorización de Augas de Galicia de data 30/11/2021, na que se recoñece o uso privativo por disposición legal ao interesado.

9º.- Consta no expediente autorización da representación, polo que se entende emendado o trámite, asinada en data 31/10/2021.

10º.- Consta no expediente proposta de resolución de autorización de vertido por augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Ulla) procedentes dunha vivenda unifamiliar asentada no lugar de Santa Cristina, número 6-parroquia de Lamela, Silleda. Interesado: José Manuel Ferradas Núñez. Data 22/02/2022.

11º.- Consta informe do técnico municipal Lino Manuel Doporto Framil, de data 02/03/2022, no que se indica que a documentación segue estando incorrecta e incompleta. Requiríndolle ao interesado a súa emenda, en data 04/03/2022. **Neste requirimento precísase que falta:**

- **Pagamento das taxas.**
- **Resolución de Infraestruturas Agrarias co código CVE.**
- **Folla de edificación e estatística.**
- **Compromiso de execución dos servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade.**

12º.- Consta carta de pago de data 10/03/2022, do ICIO e da taxa municipal, por importe de 2.084,60 euros.

13º.- Consta Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias de data 05/08/2021.

14º.- Consta no expediente acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas. Expediente N21-3409, de data 12/08/2021.

15º.- Consta informe do técnico municipal Lino Manuel Doporto Framil, de data 15/03/2022, no que se informa favorablemente a concesión da licenza.

16º.- Consta depositado aval para o cumprimento da instalación dos servizos por importe de 50 euros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- OBRAS SUXEITAS A LICENZA URBANÍSTICA

As obras suxeitas a licenza urbanística, son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

O apartado a) do punto segundo do artigo 142, establece que estarán suxeitos a licenza os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

O artigo 2 da LOE regula o seu ámbito de aplicación, entendendo que dentro de mesmo atópanse "a) *Administrativo, sanitario, relixioso, residencial en todas as súas formas, docente e cultural*".

O artigo 2.2, a) da LOE establece, que terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:

“b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio”.

Non consta presentada a solicitude en modelo oficial, sen embargo tampouco foi requirida polo Concello en ningún momento, continuando igualmente cos trámites.

SEGUNDO.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

O deber de solicitar e obter licenza non exclúe a obriga de obter cantas autorizacións sexan legalmente esixibles polos distintos organismos da Administración, non podendo o Concello outorgar a licenza sen a previa autorización se fose o caso. O informe do arquitecto municipal indica que a parcela sobre a que se vai levar a cabo a construción presenta afeccións. Constando as autorizacións sectoriais preceptivas.

- Autorización de Augas de Galicia de data 30/11/2021, na que se recoñece o uso privativo por disposición legal ao interesado.
- Proposta de resolución de autorización de vertido por augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Ulla) procedentes dunha vivenda unifamiliar asentada no lugar de Santa Cristina, número 6-parroquia de Lamela, Silleda. Interesado: José Manuel Ferradas Núñez. Data 22/02/2022.
- Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias de data 05/08/2021.
- Consta no expediente acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas. Expediente N21-3409, de data 12/08/2021.

TERCEIRO.- CARÁCTER REGRADO E CLÁUSULA AGÁS O DEREITO DE PROPIEDAD E SEN PREXUIZO DE TERCEIROS.

A licenza urbanística é un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de carácter regrado, por virtude do que se leva a cabo un control previo da actividade proxectada polo administrado, verificando se se axusta ou non á ordenación urbanística, tendo pois a licenza unha natureza estritamente regrada, polo que se outorgará ou denegará, preceptivamente, segundo que a actuación pretendida se axuste ou non a tal ordenación, sen que o órgano competente para isto poida tomar a súa decisión en base a consideracións doutro tipo (STS 02.04.98 e 16.03.98, entre outras e arts. 350.1 RLSG e 143.1 LSG). Debido a este carácter regrado, as licenzas urbanísticas deben outorgarse ou denegarse segundo que a actuación pretendida se adapte ou non á ordenación aplicable.

De conformidade co art. 350.3 do RLSG, as licenzas urbanísticas deben outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que á Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o

acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. No outorgamento da licenza examínase a legalidade urbanística, o que impide que sexan cuestionadas e decididas cuestións sobre a titularidade dominical dos terreos. A través da licenza urbanística a Administración municipal actúa un control de legalidade, pero non de legalidade en xeral, senón da legalidade urbanística. De aquí deriva que non corresponde á Administración controlar, a través da licenza, a titularidade dominical dun terreo sobre o que se pretende construír, xa que o control que implica a licenza refírese aos aspectos urbanísticos da actuación proxectada e non a cuestións de propiedade, agás que a licenza solicitada afecte ao dominio público, ou incluso a bens patrimoniais de titularidade municipal (SSTS 25.07.89, 03.07.91, art. 11.3 RDUG actualmente derrogado).

CUARTO.- CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.

A ampliación da construción obxecto deste informe atópase en solo clasificado segundo informe do técnico municipal como “solo rústico de protección agropecuaria”, o uso declarado polo interesado é o residencial.

O Concello conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Desaparecendo polo tanto a categorización do solo rústico recollido no PXOM de Silleda, en aplicación do disposto na Lei 2/2016, de 10 febreiro, do Solo de Galicia, artigo 34, terá a consideración de solo rústico de protección agropecuaria, o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Segundo autorización emitida Servizo de Infraestruturas Agrarias, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural de Medio Rural o predio 863 do polígono 8 no que se encontra a edificación obxecto de rehabilitación é unha finca resultante do proceso de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro (Silleda-Pontevedra) no Concello de Silleda, decretada o 13/08/1966 e finalizada o 30/11/1972 con aprobación da acta de reorganización da propiedade.

Deste xeito o solo sobre o que se pretende realizar a rehabilitación da construción é solo rústico de protección agropecuaria.

QUINTO.- RÉXIME DO SOLO RÚSTICO.

O uso residencial en solo rústico, é un uso prohibido salvo que estea vinculado a unha explotación agrícola o gandeira, e así o dispón o artigo 35.1, n) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

Deste mesmo xeito se pronuncia o Regulamento da Lei do Solo, no seu artigo 50.

Con todo, e co obxecto de protexer o noso patrimonio tradicional edificado, o artigo 40 da LSGA e 63 do RLSGA contempla un réxime xurídico especial para as edificacións tradicionais existentes en solo de núcleo rural ou solo rústico podendo ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos e previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos de aplicación salvo o límite de altura, permitírase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación incluso en volume independente, sen superar o 50% do volume orixinario da edificación tradicional.

Réxime xurídico, no que se amparan os interesados para a ampliación desta vivenda.

O artigo 40 da LSG establece o seguinte:

“As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.

Previa a obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables excepto o límite de altura, permitírase a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional.

En calquera caso, deberán manterse as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

Para os efectos do previsto neste artigo, considéranse edificacións tradicionais todas as edificacións existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do chan e ordenación urbana, con independencia da súa tipoloxía”.

Completa este artigo a regulación recollida no artigo 63 do RLSG, que establece:

“1. As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de chan de núcleo ou de chan rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos (artigo 40 da LSG).

A efectos do sinalado no apartado anterior, enténdese por uso residencial aquel uso en edificios concibidos principalmente para vivenda, aínda cando conteñan recintos onde se desenvolve unha actividade económica, ben a través dunha vivenda adaptada para o exercicio da devandita actividade económica ou ben nun recinto concibido expresamente para o seu exercicio, polo que nada obsta para que poida desenvolverse máis dun uso na mesma edificación.

2. Previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de

cumprir os parámetros urbanísticos aplicables, excepto o límite de altura, permitirase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional (artigo 40 da LSG).

O límite de altura sinalado resulta esixible ás obras de rehabilitación, reconstrución e ampliación que se pretendan levar a cabo, non sendo óbice para a súa execución que a edificación tradicional superase tal parámetro antes da acometida das devanditas obras.

No caso das edificacións que non esgotasen a posibilidade ampliatoria ata o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional permitido pola norma, poderán facelo nun momento posterior como resposta ás novas necesidades de espazo que puideren xurdir.

3. De conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 deste regulamento, no chan rústico de especial protección será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

4. En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria (artigo 40 LSG).

5. A efectos do previsto neste artigo, consideraranse edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio (A LEI 695/1975), de reforma da Lei sobre o réxime do chan e ordenación urbana (artigo 40 da LSG)".

Por edificación existente enténdese aquela que estivese finalizada na data indicada, e poderá achegarse, para acreditar tal aspecto, calquera medio de proba admisible en dereito. Así mesmo, a construción deberá presentar un grao de conservación tal que permita apreciar as características esenciais da súa tipoloxía orixinaria

Primeiramente para a aplicación deste artigo, o interesado deberá acreditar que a edificación obxecto da presente licenza é anterior á entrada en vigor da Lei 19/1975, de 02 de maio, para o que presenta fotografías na que se observa a súa tipoloxía tradicional, unha consulta descritiva e gráfica de datos catastrais, onde consta unha antigüidade da construción do ano 1983. Certificacións de antigüidade dos anos 1956 e 1973 con capturas dos vos americanos asinadas polo técnico redactor do proxecto.

O técnico municipal informa o seguinte: "Nas ortofotos do voo americano do ano 1956 apréciase a existencia dunha edificación nese emprazamento. O técnico redactor xustifica a antigüidade da vivenda en documentación presentada con rexistro de entrada 2021-E-RC-3037".

Polo tanto de conformidade co disposto neste artigo non é preciso que a construción ou edificación obxecto de rehabilitación, reconstrución ou reforma cumpra os parámetros urbanísticos recollidos no artigo 39 Lei 2/2016, de 10 de febreiro e 59 a 62 do D. 143/2019, de 22 de setembro, que conteñen as condicións de edificación en solo rústico.

Debéndose respectar as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía.

SECTO.- NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA.

As construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que:

ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

d) As construcións haberán de presentar todos as súas paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, emprazamento ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Estas normas segundo o disposto no artigo 216 RLSG deben ser concretadas polo concello respectivo, en forma de determinacións xustificadas incluídas nos instrumentos de plan urbanístico aplicables, ou ben en forma de condicións que se impoñan nos títulos habilitantes de natureza urbanística e demais autorizacións que procedan, en desenvolvemento xustificado das citadas determinacións.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro. Conceder licenza urbanística a José Manuel Ferradas Núñez, con DNI-XXXXXX, para REHABILITACIÓN PARCIAL DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE sita no Lugar de Santa Cristina número 6, Parroquia de San Miguel de Lamela, (referencia catastral 36052D508108630000XJ).

CADRO PARÁMETROS URBANÍSTICOS			
PARÁMETROS	PROXETO	LSG/RLSG	CUMPRE

Usos	Vivenda unifamiliar	Artigo 40 LSG	Si
Superficie parcela	9.646,00 m ²	Artigo 40 LSG	Si
Superficie construción	23,45 m ²	Artigo 40 LSG	Si
Ocupación	2,51 %	Artigo 40 LSG	Si
Nº Plantas	B + 1	Artigo 40 LSG	Si
Altura	5,66 m	7m	Si
Volume	Non consta	Artigo 40 LSG	Si
Retranqueo camiños	>4m	4m	Si
Retranqueo lindeiros	>5m	5 m	Si

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto completo redactado polo técnico Martín Pereiras Corzón, visado o día 12/03/2021 con número 2101362.3, cuxo presuposto de execución material ascende a **89.982,39** euros e ao planeamento vixentes na localidade. Figurando como directores facultativos da obra Martín Pereiras Corzón e Miriam Sánchez Rodríguez.

A construción proxectada situarase en solo clasificado polo PXOM de Silleda como SOLO RÚSTICO DE PROTECION AGROPECUARIA.

Segundo: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da LSG. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Terceiro: A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construción, Instalacións e Obras por importe de 2.035,85 constando ingresada a cantidade de 2.024,60 euros, e a liquidación da taxa por outorgamento de licenzas por importe de 60.00 euros, constando xa ingresada.

Queda pendente de ingreso a cantidade de: 11,25 euros.

Quinto.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto.- Deberanse respectar as seguintes normas de aplicación directa:

- a) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
- b) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
- c) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Sétimo.- A eficacia desta licenza queda condicionada ao cumprimento do disposto no artigo 39.e da LSG: “Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica”.

Oitavo.- Deberase solicitar a licenza de primeira ocupación unha vez rematadas as obras, que deberá ir acompañada dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa a visita de comprobación dos servizo técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda